

## ADMISIÓN DE ALUMNADO PARA 2022-2023 ESO & BACHARELATO PRAZOS E NORMATIVA

**1, PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES → 1 ao 21 marzo** (por ser 20 marzo non hábil).

**2, PRAZO DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS CRITERIOS DE BAREMACIÓN ALEGADOS →**

No suposto de que o Centro teña máis solicitudes que prazas dispoñibles os pais deberán presentar a documentación xustificativa dos méritos alegados para a aplicación dos criterios de admisión recollidos no A18, ORDE12mar2031, **entre 23 marzo e 5 abril**.

**3, PUBLICACIÓN DAS LISTAXES PROVISIONAIS DE ADMITIDOS E NON ADMITIDOS → antes do 25 abril.**

**4, PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DEFINITIVAS de persoas ADMITIDAS E NON ADMITIDAS → antes do 15 maio.**

**5, PRAZO PRESENTACIÓN DE RECLAMACIÓNS E RECURSOS →**

-Os acordos adoptados polos Titulares dos Centros públicos poderán ser obxecto de reclamacións ante os propios Titulares **no prazo de 5 días hábiles**.

-Contra a relación definitiva, as persoas interesadas poderán formular reclamación ante a persoa titular da xefatura territorial **no prazo dun mes contado** a partir do día seguinte ao da súa publicación.

-A resolución da persoa titular da xefatura territorial porá fin á vía administrativa. Na notificación desta resolución á persoa interesada deberá indicarse expresamente, que contra esta cabe interpoñer recurso potestativo de reposición ou recurso contencioso-administrativo, o órgano competente e o prazo para a súa interposición.

**6, PERDA DO DEREITO DE PRIORIDADE →**

Os centros remitirán á Xefatura Territorial, de xeito inmediato, as solicitudes de admisión:

- ... presentadas fóra de prazo.
- ... referidas a unha mesma persoa, no caso de presentación de máis dunha; así mesmo as solicitudes de admisión presentadas estando vinculadas por reserva.
- ... que conteñan datos que non se axusten ás circunstancias reais da alumna ou do alumno.
- ... que estean acompañadas por documentación que reflicta datos que non se axusten ás circunstancias reais.

A xefatura territorial concederá as persoas interesadas **un prazo de 5 días hábiles** para que presenten alegacións. A resolución pola xefatura terá lugar **no prazo de 5 días hábiles**, declarando, se é o caso, a perda do dereito de prioridade que puidese corresponderlle ao solicitante. A xefatura adoptará as medidas necesarias para asegurar a escolarización do alumno afectado.

Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, ou directamente recurso contencioso-administrativo.

### **NORMATIVA VIXENTE:**

**D13/2022, 3feb**, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de 2º ciclo de Elnfantil, EPrimaria, ESO e bacharelato reguladas na LOE.

**ORDE18dec2020**, pola que se modifica ORDE12mar2013.

**ORDE25xan2017**, pola que se modifica ORDE12mar2013.

**ORDE12mar2013**, pola q se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos q impartan ensinanzas d'2º ciclo d'Elnfantil, d'EPrimaria, d'ESO e d'BAC reguladas na LOE.

**RESO23feb2022, DXCentrosRRHH**, pola que se fai público o resultado do sorteo a que fai referencia A29, ORDE12mar2013.

Para os efectos da resolución do desempate na puntuación final na orde de admisión do alumnado nos centros sostidos con fondos públicos no curso 2022/23, conforme ao resultado do sorteo, as letras de prioridade que afectan:

- ao primeiro apelido as letras "V" e "U"
- ao segundo apelido as letras "A" e "Z".

### **NOTA INFORMATIVA:**

- Cada alumn@ só pode presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar, advertindo que a infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que podan corresponderlle.
- Todo o alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.
- O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

**A DIRECCIÓN**  
**28feb2022**